

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

CONCELLO
DE VIGO



Organiza

Concellería de Igualdade. Concello de Vigo

Dirixido a

Monitorado de Animación Sociocultural e de Ocio e Tempo Libre

Lugar

Casa das Mulleres (r/Romil, 20)

Duración

20 horas, repartidas en 5 sesións de 4 horas cada unha

Prezo

Gratuíto. Prazas limitadas.

Datas e horarios

O curso realizarase en dúas quendas:

Curso en horario de mañá:

Datas: 25, 26, 27 e 28 de febreiro e 1 de marzo de 2019

Horario: 9.30 a 13.30 h

Curso en horario de tarde:

Datas: 25, 26, 27 de marzo e 1 e 2 de abril de 2019

Horario: 17.30 a 21.30 h

Imparte

Cristina Rodríguez Ramos, experta en Xénero e Igualdade de Oportunidades.

Inscripción:

Remitirse a folia de inscrición cuberta e asinada ao seguinte enderezo electrónico: ofi.muller@vigo.org, ou persoalmente na Concellería de Igualdade (1º andar do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n), de luns a venres en horario de 9.00 a 13.30 h.

Prazo: a partir do 8 de febreiro de 2019, e ata cubrir as prazas

Acreditación:

Entregarase un diploma acreditativo do aproveitamento do curso. Para poder obter este diploma, deberase asistir ao menos ao 80% do total das horas

Máis información:

Concellería de Igualdade
Praza do Rei, 1. 1º andar. 36202 Vigo.
Teléfono: 986 810 284
Fax: 986 430 082
E-mail: ofi.muller@vigo.org
Horario: de luns a venres de 9:00 a 13:30 h.



www.igualdadevigo.org



CURSO DE FORMACIÓN EN IGUALDADE PARA MONITORADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E DO OCIO E TEMPO LIBRE

PRESENTACIÓN

Este proxecto parte da firme convicción de que a educación é a ferramenta máis eficaz para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes na nosa sociedade.

Os espazos adicados ao tempo libre, á animación sociocultural ou ao voluntariado están inmersos nunha cultura que outorga distintos papeis (e distinta valoración deses papeis) a mulleres e homes e limita o noso pleno desenvolvemento.

Nos espazos de ocio e de xogo créanse relacións, compártense experiencias, e son un espazo fundamental para a aprendizaxe. É fundamental, por tanto, a integración do principio de igualdade na programación, organización e posta en práctica de actividades dirixidas á dinamización do ocio e do tempo libre da poboación infantil e xuvenil. Este curso pretende dotar de formación as persoas que traballan no ámbito da animación sociocultural e do tempo libre, que lles permita incorporar ao seu traballo cotián estratexias dirixidas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e en definitiva contribuír a crear unha sociedade máis xusta, democrática e igualitaria.

OBXECTIVOS PRINCIPAIS

- Sensibilizar e formar o monitorado verbo das desigualdades existentes entre homes e mulleres na nosa sociedade, as orixes destas desigualdades e as súas consecuencias.
- Dotar o monitorado de ferramentas para o desenvolvemento e aplicación dunha práctica e intervención coeducativa, que integren a perspectiva de xénero transversalmente nas actividades de tempo libre.
- Sensibilizar e formar o monitorado en relación á violencia machista e ao acoso sexual e por razón de sexo, para que nos períodos de convivencia co alumnado poidan detectar e actuar ante o sexismo e as agresións sexistas, sexan da intensidade que sexan.

METODOLOXÍA

Combinaranse exposicións teóricas dos contidos cunha parte práctica, dirixida a que o monitorado leve a cabo dinámicas que lles servirán para o seu posterior traballo na súa actividade no ámbito da animación e o tempo libre.

Esta parte práctica consistirá en dinámicas de grupo; traballos individuais e grupais de investigación; análise documental sobre os temas tratados en cada módulo e análise a través de debates en gran grupo de de *spots*, vídeo-clips, curtametraxes, documentais, etc. relacionados con cada temática concreta.

CONTIDOS DO CURSO:

1. Introducción á perspectiva de xénero.

Sistema sexo-xénero.

Socialización diferenciada.

Principais axentes no proceso de socialización.

2. Consecuencias da socialización diferenciada.

Segregación nos estudos e segregación laboral.

Discriminacións directas e indirectas. O teito de cristal e o chan pegañento.

Traballo asalariado e traballo non asalariado. O traballo doméstico e de coidados.

Feminización da pobreza. Situación socio-económica das mulleres no mundo.

3. A transversalidade aplicada ao ámbito do tempo libre: a coeducación.

A transversalidade como estratexia para o cambio.

O concepto e as orixes da coeducación.

A planificación da práctica coeducativa no tempo libre.

Pasos para a planificación da actividade.

4. Elementos clave para a planificación coeducativa no tempo libre.

A comunicación: linguaxe e imaxes. Comunicación verbal e non verbal. A escoita activa.

Os xogos, os recursos e os espazos para o desenvolvemento das actividades.

Libros e materiais didácticos.

As novas tecnoloxías.

A interacción no grupo. Autoestima e asertividade.

Monitores e monitoras como referentes nas actividades de tempo libre. Resolución de conflitos.

5. Prevención da violencia de xénero.

Conceptualización da violencia de xénero e das distintas violencias machistas.

Previr e detectar a violencia machista. Como intervir ante un posible caso de violencia machista.

AVALIACIÓN

Ao finalizar cada módulo, as alumnas e alumnos resolverán, por grupos, un suposto práctico no que poderán reflectir a asimilación dos contidos impartidos. Ao remate do curso, realizarán unha proba para avaliar o grao de coñecemento global adquirido.